

## **Acta da Sesión Extraordinaria do Pleno do Concello de Cerceda de 27 de febreiro de 2019**

Na Sala de Plenos da Casa Consistorial do Concello de Cerceda (A Coruña), sendo as doce horas do día 27 de febreiro de 2019, reúnese o Concello Pleno en primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Alcalde-Presidente, don José García Liñares, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria por mandato legal expreso do párrafo segundo do artigo 46.2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, tal e como foi notificado a toda a Corporación pola Secretaría Xeral en data 14 de febreiro de 2019.

### Asistentes

#### Grupo Municipal do PsdG-PSOE

D. Jose García Liñares.  
D. Jesús Rama Bello.  
Dna. Cristina Capelán Cancelo.  
D. Francisco Javier Boquete Cambón.  
D. Angel Gestal Gómez.  
Dna. María Esther Mosquera Fraga.

#### Grupo Municipal do PP.

D. José Francisco Santos Regueiro.  
D. Jesús Picón Pardo.  
Dna. Pilar Amor Mallo.  
D. Juan José Boquete Carnota.

#### Grupo Municipal do BNG.

Dna. Rocio Da Igrexa Prego.  
D. Alberto Sánchez Regueiro.

Secretario Xeral: D. Raúl Martínez Martínez.

Interventora: Dna. Pilar Martínez Villar.

Non asiste Dna. María Viqueira Iglesias, quen excusa a súa asistencia por causa de enfermidade.

A Presidencia, tras comprobar nos términos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 46.2 c. da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, para a válida celebración das sesións do Concello Pleno, declara aberta esta, pasándose ó estudio dos asuntos incluídos na seguinte

### Orde do día

- 1. Que o Concello Pleno tome coñecemento da Sentenza ditada polo xulgado do Penal número 2 da Coruña en data 12/12/2018 no Procedemento Abreviado número 1931/15, Xuízo Oral 172/18 na cal se condena ao alcalde de Cerceda don José García Liñares a unha pena de inhabilitación para emprego e cargo público durante 16 anos, solicitando á Xunta Electoral Central a expedición da credencial á persoa candidata seguinte da candidatura do Partido dos Socialistas de Galicia (PsdG-PSOE).*

**1.- Que o Concello Pleno tome coñecemento da Sentenza ditada polo xulgado do Penal número 2 da Coruña en data 12/12/2018 no Procedemento Abreviado número 1931/15, Xuízo Oral 172/18 na cal se condena ao alcalde de Cerceda don José García Liñares a unha pena de inhabilitación para emprego e cargo público durante 16 anos, solicitando á Xunta Electoral Central a expedición da credencial á persoa candidata seguinte da candidatura do Partido dos Socialistas de Galicia (PsdG-PSOE).**

Pola Secretaría Xeral dase coñecemento da Sentenza ditada polo xulgado do Penal número 2 da Coruña en data 12/12/2018 no Procedemento Abreviado número 1931/15, Xuízo Oral 172/18 na cal se condena ao alcalde de Cerceda don José García Liñares a unha pena de inhabilitación para emprego e cargo público durante 16 anos, solicitando á Xunta Electoral Central a expedición da credencial á persoa candidata seguinte da candidatura do Partido dos Socialistas de Galicia (PsdG-PSOE).

Queda enterada a Corporación.

E sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión, sendo as doce horas e tres minutos do día da convocatoria, de todo canto eu, como Secretario Xeral dou fe.

A Alcaldesa en funcións  
Cristina Capelán Cancelo

Secretario Xeral  
Raúl Martínez Martínez